XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE FACENDA
Dirección Xeral de Orzamentos

Edificio administrativo San Caetano, Bloque 3
15781 Santiago de Compostela, A Coruña
Tfno.: 981 54 51 10 - Fax: 981 54 51 94
dxorzamentos@conselleriadefacenda.es

743

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE FACENDA
DIRECCIÓN XERAL DE ORZAMENTOS
09 NOV. 2011
ENTRADA Nº
SAÍDA Nº 3758

Recíbese na Dirección Xeral de Orzamentos con data 3/10/2011 e número de rexistro de entrada 3550, o anteproxecto de lei de garantías de prestación sanitarias, aos efectos de que por este centro directivo se emita, con carácter preceptivo, informe no que exprese, entre outros aspectos, a súa opinión sobre as repercusións no gasto público que dimanarían da aprobación do mesmo.

Á vista do anteproxecto de lei, e polo que refire exclusivamente ao eido das nosas competencias, cómpre efectuar as seguintes consideracións:

O artigo 12 da Lei 15/2010, de 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas establece que a formulación de iniciativas lexislativas por parte da Xunta de Galicia, así como a aprobación de normas de rango regulamentario, plans e programas de actuación de contido económico - financeiro requirirán a previa dispoñibilidade dunha memoria económico - financeira que avalíe axeitadamente os custos que esas propostas poidan representar, e que, cando delas poida derivar un incremento do gasto público, considere as posibilidades ou alternativas existentes para o seu financiamento.

O obxecto do anteproxecto é explicitar os dereitos e deberes sanitarios da cidadanía, e desenvolve diversos aspectos relativos aos que serán beneficiarios, ata onde se estende o dereito, cales son as exclusións e limitacións, o sistema de información, tanto para que a cidadanía os coñeza e poida exercelo como para o seguimento do seu exercicio por parte dos xestores,

Acompaña ao anteproxecto unha memoria económica con data 4/11/2011, na que se especifica que o presuposto asignado á consecución destes obxectivos correspóndese co dedicado aos programas de autoconcertación e programas especiais, así como os relativos aos convenios establecidos con centros

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE FACENDA
Dirección Xeral de Orzamentos

Edificio administrativo San Caetano, Bloque 3
15781 Santiago de Compostela, A Coruña
Tfno.: 981 54 51 10 - Fax: 981 54 51 94
dxorzamentos@conselleriadefacenda.es

galicia

hospitalarios concertados de Galicia, cun importe total de 136.789.591,40€, e que figura nos seguintes programas:

Autoconcertación e programas culturais: 18.343.440,00€
Programa 412A, concepto 153 – atención especializada –
Programa 412B, concepto 153 – atención primaria –

Gasto asistencia sanitaria concertada: 105.660.011,40€
Programa 412A, concepto 252 – atención especializada –

Capítulo II. Produtos e material sanitario
Programa 412A, concepto 221 – atención especializada –
Programa 412B, concepto 221 – atención primaria –

Por outra banda, a creación do rexistro de pacientes en espera, segundo se establece no artigo 26 do anteproxecto, forma parte do desenvolvemento dos aplicativos informáticos de xestión asistencial que existen xa na consellería, e polo tanto, non supón custo adicional algún, indicando que a xestión de listas de espera actual é xa un sistema de rexistro de pacientes.

Por todo isto, visto o contido da lei e valorada a memoria económico, este centro directivo informa favorablemente a mesma por non supor incremento do gasto público.

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2011
O director xeral de Orzamentos

Miguel Corgos López-Prado

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
Consellería de Sanidade